

AS SOFT SKILLS DUN BO AUXILIAR DE ENFERMERÍA

Ficha de actividade – FOL · Coidados Auxiliares de Enfermería

Nome e apelidos	Data	Grupo	Duración
			50 minutos

1. Que son as soft skills?

As soft skills ou competencias persoais e sociais son capacidades que nos axudan a relacionarnos cos demais, afrontar situacións profesionais e traballar de maneira eficaz.

Nun/ha auxiliar de enfermería son especialmente importantes:

Comunicación · escoita activa · empatía · traballo en equipo · xestión das emocións · resolución de conflitos · responsabilidade · organización · capacidade de adaptación

2. O reto: «Como actuaría un bo profesional?»

Formade grupos de 3 ou 4 persoas. Teredes que:

1. Ler atentamente a situación.
2. Identificar as soft skills necesarias.
3. Preparar unha representación de 2-3 minutos.
4. Representar primeiro unha resposta incorrecta ou pouco profesional.
5. Representar despois a resposta adecuada, aplicando as soft skills.

SITUACIÓN 1 · «Estou farto de esperar!»

Un paciente leva bastante tempo esperando e está moi enfadado. Cando te achegas, fala contigo de maneira desagradable e reclama que ninguén o atende.

Soft skills: Comunicación · Empatía · escoita activa · Autocontrol · Resolución de conflitos

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 2 · «Temos moito traballo»

Na planta hai moitas tarefas pendentes. Unha compañeira pídetes axuda, pero ti tamén tes varias tarefas que realizar.

Soft skills: Comunicación · Traballo en equipo · Organización · Responsabilidade · Adaptación

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 3 · «Teño moito medo»

Unha persoa maior está nerviosa antes dunha proba médica. Dille ao/á auxiliar que ten medo e que non quere realizala.

Soft skills: Empatía · escoita activa · Comunicación · Paciencia · Xestión emocional

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 4 · «Creo que cometemos un erro»

Observas que un compañeiro cometeu un erro nunha tarefa e non se decatou.

Soft skills: Comunicación asertiva · Responsabilidade · Traballo en equipo · Empatía · Resolución de problemas

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 5 · «Hoxe non é o meu día»

Chegas ao traballo preocupado/a por un problema persoal. Estás cansado/a e de mal humor, pero tes que atender os pacientes e traballar co resto do equipo.

Soft skills: Autocontrol · Responsabilidade · Xestión emocional · Comunicación · Profesionalidade

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

3. Reflexionamos

1. Cal cres que é a soft skill máis importante para un/ha TCAE? Por que?

2. Cal destas competencias cres que tes máis desenvolvida?

3. Cal necesitas mellorar?

4. Que poderías facer para melloralala?

4. Autoavaliación

Eu...	Pouco	Bastante	Moito
Participei activamente no meu grupo.	☐	☐	☐
Escoitei as opinións dos meus compañeiros/as.	☐	☐	☐
Respectei as quendas de palabra.	☐	☐	☐
Comprendín que son as soft skills.	☐	☐	☐
Identifiquei as competencias necesarias para un/ha TCAE.	☐	☐	☐
Aprendín algo que podo aplicar no meu futuro traballo.	☐	☐	☐